

PROGRAMA DAS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS 2022 CAMPUS DE OURENSE

CANDO?

14/xuño/2022 (martes)

ONDE?

Centros integrantes da oferta formativa da UVigo no campus de Ourense

QUEN PODE ASISTIR?

Alumnado de ESO e bacharelato, profesorado e equipos de orientación, ANPAS e familias

PROGRAMA

Cada actividade terá unha duración máxima de 45 minutos de maneira que o alumnado que visite varios centros dispoña de 15 minutos aprox. para chegar ao seguinte centro programado.

Relación de centros segundo ámbito de coñecemento no Campus de Ourense:

- Enxeñaría e Arquitectura: Escola Superior de Enxeñaría Informática, Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
- Ciencias: Facultade de Ciencias
- Artes e Humanidades: Facultade de Historia
- Ciencias Xurídicas e Sociais: Facultade de Educación e Traballo Social, Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, Facultade de Dereito.

10:00 h - Escola Superior de Enxeñaría Informática. (NOVIDADE: Grao en Intelixencia Artificial)

Título Actividade: "O futuro profesional da Enxeñaría Informática: Preguntas e Respostas" e información sobre o novo Grao en "Intelixencia Artificial".

Breve Descrición: Charla no Aula Magna do Edificio Politécnico sobre o grao e Enxeñaría Informática, programa conxunto ADE + EI e o novo Grao en Intelixencia Artificial (NOVIDADE PARA ESTE CURSO 22-23).

10:30 h - Facultade de Educación e Traballo Social

Título Actividade: "Descubriendo os segredos do edificio de ferro: Tesouros ocultos da Facultade de Educación e TS"

Breve Descrición: Xincana polas instalacións da Facultade resolvendo de maneira cooperativa, aquelas probas que se formulen descubriendo os diferentes espazos da Facultade.

11:00 h - Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (Edificio Campus da Auga)

Título Actividade: Desde Ourense á ESA ou quizais á Lúa?

Breve Descrición: O Grao en Enxeñaría Aeroespacial forma futuros/as Enxeñeiros/as Técnicos/as Aeronáuticos/as (profesión regulada) que se ocupen do deseño, construción, mantemento e mellora de aeronaves e vehículos espaciais así como de todo o equipamento, subsistemas e infraestruturas que requiren. Nesta visita farase unha visita pola instalacións dos laboratorios principais da Escola onde se poderá ver dende un túnel de vento ata un simulador de voo ou un ultralixeiro.

11:30 h - Facultade de Historia

Título Actividade: “Fai Historia con nós”

Breve Descrición: Descrición dos títulos impartidos na facultade así como das saídas profesionais mediante un xogo de cartas. Visita Seminarios e Aulas.

12:00 h - Facultade de Ciencias

Título Actividade: “Industrias agroalimentarias e ambientais”

Breve Descrición:

1. Charla de benvida coa presentación dos tres graos impartidos na Facultade de Ciencias (Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Grao en Ciencias Ambientais e Grao en Enxeñaría Agraria).
2. Visita a unha aula modelo, como nas que se desenvolverán as clases teóricas.
3. Finalmente, visita a un laboratorio de investigación e prácticas.

12:30 h - Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Título Actividade: Graos Duais, prácticas, desenvolvemento de carreiras, estancias no estranxeiro e PCEOS na Facultade de Empresa e Turismo.

Breve Descrición: Proposta formativa dual, programas de prácticas e convenios para ADE e Turismo, requisitos para acceso a programas de estancias de formación e prácticas no estranxeiro, programas conxuntos ADE-Dereito, ADE-Informática, Turismo-Historia; intermediación para a contratación laboral.

13:00 h - Facultade de Dereito

Título Actividade: “Portas abertas á Facultade de Dereito: a túa Facultade”

Breve Descrición: realizarase unha visita guiada ao centro para que o alumnado interesado poida coñecer as nosas instalacións e a algúns dos nosos profesores, ofrecerase información básica sobre as titulacións e as saídas profesionais dos Graos en Dereito e o Programa Conxunto ADE-Dereito e expoñeranse as razóns para estudar Dereito e para facelo no Campus de Ourense.

13:30 h – Novo Grao en Relacións Internacionais (Facultade de Dereito). NOVIDADE.

Novidades sobre o novo grao en Relacións Internacionais. (NOVIDADE PARA ESTE CURSO 22-23).